

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	SADA
Edificio	Capela de San Roque
Dirección	Praza de España, s/n. 15160
	43.350661 -8.253944
Protección	
Descrición	<p>Capela de gran sinxeleza formada por unha única nave rectangular dividida en dous treitos por un arco de medio punto apoiado en dúas pilastras apegadas ós muros. Os seus muros están recebados e pintados de branco agás os esquinais, marcos dos vans e a espadana, o teito vai cuberto a dúas augas con tella curva do país. A fachada vai composta de xeito simétrico seguindo un esquema pentagonal e no seu eixo vertical central, organízase de abaixo arriba, mediante unha porta principal cun arco rebaixado. Sobre o ingreso vai unha xanela con arco de medio punto e enriba desta, un óculo cego con catro cruces. A cornixa superior ten forma arqueada estando flanqueada por pináculos moi moldurados rematando os esquinais. Rompendo o vértice do pentágono unha base para o campanario. Esta é unha torre formada por unha estrutura que semella un forxado modernista, posuíndo no seu interior dúas campás. No seu cume está rematado por unha cruz, tamén de forxa.</p> <p>Destacar que entre o ingreso e a xanela da fachada hai unha interesante placa de mármore cuns datos moi significativos e que dí: “ESTA CAPILLA SE REEDIFICO A ESPENSAS DE LIMOSNAS Y OTROS RECURSOS, SIENDO CURA PÁRROCO D. GERÓNIMO REY MARTÍNEZ, AÑO DE 1885”. Outros datos salientábeis son que esta capela é propiedade municipal dende o ano 1967 e, a partires de febreiro de 2010 deixou oficialmente de ter uso relixioso, publicado no Diario Oficial de Galiza no día 8 de Febreiro. Agora acolle actos culturais e concertos acordes co carácter monumental do conxunto.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	1
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
Data	21-04-2023

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
--------------	-------	----------	------------------	------------------	------

Chapitel de forxa.	Campa menor (1)	OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)	1920	50	72
Chapitel de forxa.	Campá maior (2)	OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)	1920	60	125

Información completa: [Capela de San Roque - SADA \(GALICIA\)](#)

PDF (29-06-2026)